

Colexio Santo Tomás

Soc. Coop. Galega

C.I.F.: F-36.018.067

TELÉFONOS: 986 33 76 14 – 625 011 939

A FLORIDA - TORNEIROS - O PORRIÑO

E-mail: cpr.santotomas@edu.xunta.gal

NOTA INFORMATIVA

1. Todo o alumnado incluído no ámbito da Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparte ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá presentar solicitude de admisión, pedindo ata seis (6) centros por orde de preferencia, e alegar os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren. Esta solicitude de admisión dirixirase ao centro solicitado en primeiro lugar.

Despois de presentar unha solicitude de admisión, para renunciar a ela deberá facerse expresamente, indicándoo no recadro correspondente da nova solicitude que deberá presentarse.

2. O alumnado que teña prioridade para continuar estudos nun centro de adscrición pode exercer o seu dereito á reserva de praza presentando solicitude de reserva no centro adscrito, isto é no que está matriculado nese momento, e identificará o centro de adscrición que solicita.
3. En todo caso, a solicitude de reserva ou de admisión é única para cada alumno/a e ten carácter vinculante. A súa presentación implica que son certos os datos indicados nela.

A existencia dunha solicitude de admisión presentada en prazo sen renunciar expresamente á anterior e, así mesmo, a existencia dunha solicitude de admisión sen ter renunciado á praza reservada a 28 de febreiro (este incluído) poderán ser causa da perda do dereito a participar no procedemento nos termos previstos no artigo 8 da citada orde.

A admisión e a matriculación nun centro docente público ou privado concertado implicará respectar o proxecto educativo e o carácter propio do centro privado concertado.